

Estimados pais e nais:

Para os vindeiros días **13 e 14 de abril** as organizacións estudantis *Galiza Nova* e *Sindicato de Estudiantes* convocaron unha folga para o sector do alumnado. Tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugar dos:

“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de ESO, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)

De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.”

Comunicámoslles que o alumnado do IES Mugar dos anuncia a intención de secundar a folga en escrito dirixido pola Xunta de Delegados á dirección do centro que pode consultar no reverso desta circular.

Os servizos do centro (transporte, oficinas, docencia) **funcionarán como todos os días e o profesorado atenderá os alumnos e alumnas que decidan asistir a clase.**

O director do IES Mugar dos



<p>COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA Entregar en secretaría do centro con 24 horas de antelación ao comezo da folga.</p>	<p><i>A cubrir pola secretaría do centro</i> DATA: de de 20.....</p>
--	---

Don/a.....DNI.....

en calidade de nai/pai/titor legal de.....

alumno/a do curso..... grupo.....

COMUNICA a recepción desta circular informativa sobre a folga estudantil convocada para os días 13 e 14 de abril de 2016.

Asdo:.....

NO CASO DE FACER FOLGA, O SEU FILLO OU FILLA NON DEBERÁ UTILIZAR O TRANSPORTE ESCOLAR NIN DEBERÁ ACUDIR AO INSTITUTO O DÍA SINALADO.

A Xunta de Delegados do IES Mugar dos reunida o día 7 de abril de 2016, decide convocar folga os vindeiros días 13 e 14 de abril pola necesidade de defender a educación pública tras o constante proceso de mercantilizador ao que se ve sometida:

- Reinvidicación da dignidade estudantil
- Recortes na educación
- Instauración da LOMCE
- O 3+2
- Falta de profesorado e instalacións
- Contra os continuos recortes da nosa educación e futuro

Por iso a Xunta de Delgados do IES Mugar dos decide apoiar a folga e loitar polos dereitos dos estudantes e polo noso futuro estudantil.

Os cursos abaixo firmantes son coñecedores da folga que se está a convocar o día establecido.

Como tamén todos os delegados pedimos nas clases as firmas de todos os alumnos conforme son coñecedores en totalidade da folga que se secundará os vindeiros días 13 e 14 de abril.

Os cursos abaixo firmantes son coñecedores das razóns desta folga, e en principio teñen a intención total ou parcial de secundala:

3º ESO A		3º ESO B	
Delegado/a	Subdelegado/a	Delegado/a	Subdelegado/a
			
4º ESO A		4º PDC	
Delegado/a	Subdelegado/a	Delegado/a	Subdelegado/a
			
1º BAC A		1º BAC B	
Delegado/a	Subdelegado/a	Delegado/a	Subdelegado/a
			
2º BAC A		2º BAC B	
Delegado/a	Subdelegado/a	Delegado/a	Subdelegado/a
			